

Entrevista

Luis Morillo Díaz, natural da Rúa e membro do Club Squash de Santiago, proclamábase por segundo ano consecutivo campión galego cadete de tenis

Unha vida na cancha

MÓNICA G. BELLVER

Luis Morillo (A Rúa, 1997) foi un dos moitos nenos que comezaron a xogar ao tenis con Julio López nas canchas da Rúa, cando apenas se tiñan en pé, pero dos poucos que sobresaen. "Debía ter uns 4 anos cando meu pai me trouxo unha raqueta violeta, comecei xogando con el e xa despois con Julio nas Escolas Deportivas". Ese é un dos primeiros recordos que ten do tenis, un deporte que a partires dese momento se convertería en toda unha paixón. "Meu pai cóntame que non o deixaba en paz que todo o tempo quería estar xogando". Esa insistencia, o apoio da súa familia e as súas aptitudes conseguiron que pronto comezara a destacar no tenis galego.

Hai nove anos Luis e a súa familia marchaban para Santiago onde, lonxe de deixar de lado a afección, comezou a competir. Primeiro no Real Aero Club e máis tarde no Squash do que continúa formando parte, participando en innumerables torneos autonómicos, nacionais e incluso internacionais, e gañando moitos deles.

En setembro finalizaba o Circuito Babolat 2013 que remataches como campión cadete. ¿Como viviches o campionato?

Para o campionato galego eu chegaba ben porque gañara as probas anteriores e nas primeiras rondas tiveron partidos complicados pero máis ou menos ben, chegando ata a final cun compañeiro do club, Pablo Casal. A verdade é que foi bastante dura porque comecei perdendo o primeiro set 6-2 pero despois remontei e gañei 6-2/6-0. Había moita xente do club véndonos, e o partido foi bonito e reñido.

¿Cando comezache a competir?

Máis en serio comecei ao vir para Santiago porque na Rúa tiña xogado algún torneo, pero nada serio. Estando xa en Santiago empecei xogando torneos galegos que había no Aero Club e ao ver que ía máis ou menos ben empezamos a xogar un pouco máis por Galicia.



Luis Morillo equipado para adestrar.

Dende a Federación Galega de Tenis dixeron que foras o cadete en mellor forma. ¿Como son os teus adestramentos?

Adestro catro días á semana, dúas horas e media ao día. Os martes e os xoves temos unha clase especial só de físico cun preparador. Un día facemos ximnasia e outro preparación aeróbica. Son adestramentos bastante intensos.

¿Estás satisfeito co conseguido ata agora?

Este ano si pero a ver para o ano que vén porque apetécame facer máis cousas, nos campionatos de España e nos internacionais. A ver que pasa. De feito veño de disputar un torneo internacional ITF en Sanxenxo. Xoguei contra Andrés Fernández de Galicia, con Adolfo Blanco de Madrid e contra Rafael Izquierdo tamén galego. Estes torneos teñen bastante nivel, hai que ver quen toca en sorteo e tirar para adiante.

¿Que plans tes a curto e medio prazo?

Á parte deste internacional, espero xogar algún absoluto que hai agora porque en inverno hai poucos torneos. Xa de cara ao vindeiro ano irei ao campionato galego júnior a ver se o podo gañar. Tamén quero facelo ben no de España e tentarei facer algún internacional máis por Portugal e por España.

Este é o teu último ano como cadete. ¿Que obxectivos te marcas no mundo do tenis? ¿Que queres conseguir?

A partires de xaneiro de 2014 xa serei júnior e o cambio de categoría

sempre dificulta máis as cousas pero hai que tentalo. Por agora o que quero é acabar os estudos ben pero se vexo que ao seguir xogando podo gañar, dar o máximo, ata onde chegue.

¿Que é o que máis che gusta deste deporte? ¿Cal é o teu forte? Unha das cousas é que coñeces a moita xente e se che saen ben os plans podes viaxar bastante. Gústame porque sempre tes opcións. A min o que mellor se dá é o revés e

"No tenis o adestramento e a técnica son importantes pero a certas idades o que máis conta é ter boa cabeza, bo físico, xogar e tentar gañar"

co que máis cómodo me sinto pero bueno hai que mellorar todo sempre. No tenis o adestramento e a técnica son importantes pero chegados certas idades altas o que máis conta é ter boa cabeza, bo físico, xogar e tentar gañar.

¿Que recordos tes das clases con Julio?

De Julio teño moi bos recordos. Lembro que o pasabamos moi ben adestrando pero das veces que volví despois, estando xa de vez en Santiago era bastante duro, dábame bastante caña. É moi bo profesor.

¿Que lles dirías aos rapaces que coma ti tentan facerse un oco no mundo do tenis?

Que hai que tentalo e non desanimarse. Ás veces cánsaste e perdes, pero hai que seguir e ver ata onde se pode chegar.

¿Que é o que che resulta máis difícil a tí?

Os adestramentos lévoos bastante ben, o tema son os partidos importantes porque ao xogar con xente que non coñeces e ter que sacar adiante partidos que fas perdendo, cansa e resulta difícil. Hai partidos que son moi longos e xente que xoga a nivel internacional e non che regala ningún punto.

Os principais logros de Luis

- Subcampión galego alevín 2009.
- Campión do Circuito galego alevín 2009.
- Subcampión galego infantil 2011.
- Campión do Master galego infantil 2011.
- Campión do Circuito galego infantil 2011.
- Campión galego cadete 2012.
- Campión Circuito galego 2012.
- Campión galego cadete por equipos de 1ª 2012.
- Campión galego cadete 2013.

- Campión Circuito galego 2013.
- Campión Master galego 2013.
- Campión galego cadete dobres 2013.
- Subcampión San Antolín Valladolid 2013.

Tamén participou en tódalas categorías do campionato de España dende o 2008. E chegou a oitavos de final do campionato de España júnior S-18 2013, e do Torneo Internacional de tenis júnior ITF 2013, entre outros.